

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
igualdade



Falamos de igualdade

O noso primeiro compromiso

A primeira etapa do cambio

- **A Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia** é o principal instrumento da igualdade nas relacións laborais. A súa elaboración foi consensuada cos principais axentes sociais e recolle as demandas das asociacións, as empresas e os sindicatos.
- **Elevamos a taxa de emprego feminino ata o 56,8%**. Este avance é o máis importante conseguido nunha lexislatura por calquera Goberno galego. Reducimos o desemprego da muller, con respecto ao PP, en 6,3 puntos e converxemos con España en 4,6 puntos en emprego feminino. A muller galega mellorou a súa condición laboral.
- **Aprobamos a Lei Integral para o Tratamento da Violencia de Xénero**. Dentro deste marco legislativo son posibles outras medidas como, por exemplo, o salario de 600 euros mensuais para mulleres maltratadas.
- Impulsamos **programas de apoio ao emprendemento feminino en Galicia**, destinados á creación de empresas por mulleres, á formación en liderado para emprendedoras, a avanzar na cotitularidade das explotacións agrarias, a recuperar a memoria histórica das empresarias galegas pioneiras, ou para crear cooperativas de mulleres nos traballos do mar.
- **Incorporamos as necesidades da muller á atención sanitaria especializada**. Co Plan de Atención Integral á Saúde da Muller, e os 32 programas específicos que o compoñen, a muller ten novos dereitos e novos servizos dentro do Servizo Galego de Saúde: anestesia epidural, pílula do día despois, prevención e tratamento do cancro de mama, vacina para o virus do papiloma humano, etc.
- **Rede de Centros de Apoio ás Mulleres**, constituída por:
 - 76 Centros de Información á Muller
 - 62 Puntos de Información á Muller
 - 6 novas Oficinas de I (igualdade) + B (benestar), nas que traballan seis equipos de igualdade e que dan cobertura a 51 concellos
- Promoción da coeducación e da **prevención da violencia de xénero na infancia e na adolescencia**.
- **Campaña social de concienciación**, con personaxes galegos de releve, para proxectar entre a cidadanía a magnitude e importancia colectiva desa lacra social que é a violencia machista.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



A segunda etapa do cambio

Emprego e igualdade

- Continuaremos na procura da igualdade real de mulleres e homes, ata conseguir que **a igual traballo igual salario**.
- Propiciaremos medidas para que as **mulleres aumenten a ocupación ata chegar ao 50 por cento do emprego**.
- Fomentaremos o desenvolvemento de medidas de acción positiva no seo da negociación colectiva co fin de promover a **presenza das mulleres nos órganos de responsabilidade e de xestión**.
- Fomentaremos a creación e o fortalecemento das **empresas dirixidas por mulleres nos sectores tecnolóxicos**.
- **Apoiaremos o asociacionismo das mulleres empresarias** facilitando a súa participación social e potenciando a súa integración nas organizacións empresariais máis representativas.
- Crearemos o **Consello de Participación da Muller** como organismo autónomo participativo.
- Impulsaremos a elaboración de **Plans de Igualdade en todos os concellos de Galicia**.

Contra a violencia de xénero

- **Poñeremos en marcha un Plan Galego de Sensibilización e Prevención**, como instrumento global e sistemático da actuación das distintas administracións públicas para sensibilizar ao conxunto da sociedade e para adoptar accións que dean resposta a estas situacións violentas.
- Promoveremos que **as axudas económicas** recollidas na lei galega sexan abonadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten formalmente as condicións establecidas, **nun prazo non superior a 15 días**.
- Promoveremos a creación de **xulgados de violencia de xénero en todas as cidades galegas**.
- Elaboraremos un **registro de maltratadores** con ordes de afastamento e sentenzas firmes.
- **Poremos en marcha programas de colaboración con empresas** que posibiliten a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.

